

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 14 de xullo de 2006.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, por Orde do 14 de xullo de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 28 de xullo), e resolta parcialmente por Orde do 19 de setembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 188, do 28 de setembro), de conformidade co disposto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 14 de xullo de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 28 de xullo), e resolta parcialmente por Orde do 19 de setembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 188, do 28 de setembro).

Segundo.-Declarar deserto o posto de traballo que se indica:

Denominación do posto de traballo: Servizo de Ordenación do Litoral.

Código do posto de traballo: OT.C03.00.001.15770.025.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2006.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial,
Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 18 de outubro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitiva do baremo aberto polo Anuncio do 20 de marzo de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 30 de marzo), da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés e especialidade de navegacións e instalacións mariñas; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de máquinas, servizos e produción; no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de ruso e no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, especialidade de técnicas cerámicas.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións procede publicar o baremo definitivo e relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés e especialidade de navegacións e instalacións mariñas; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de máquinas, servizos e produción; no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de ruso e no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, especialidade de técnicas cerámicas.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2006.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

APELIDOS E NOME	DNI	DISCIPLINA	CAUSA EXCLUSIÓN
ABADÍA GELARDO, INMACULADA	79104618M	TÉCNICAS CERÁMICAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
AGRAFOJO FERNÁNDEZ, GENEROSO	33272319J	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
ALDADA PEREIRA, SANDRA Mª	34889482T	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
ALLEGUE MIÑO, VÍCTOR MANUEL	32675643A	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
ANDRADE MARTÍNEZ, MARÍA LUISA	76340825F	TÉCNICAS CERÁMICAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
ARRIAGA BUSTO, SABLINO	2191887X	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
BAENA SOLLA, ROSENDO LUIS	35215617H	-MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN -NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
BAHENA, NAFLIA MARIANNE LAURENCE	X4234430S	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
BARRIO CARBALLO, JOSÉ CARLOS	76709696G	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
BAUDAT, ANNE	X3976396H	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
BIGUT RENAUD, JEAN	X0304344P	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
BUJÁN CLOUD, MARIE-OLIVIA	X0946910T	FRANCÉS	TÍTULO NON HOMOLOGADO
CARBALLO ALONSO, MARÍA JOSÉ	77008459C	FRANCÉS	XA ESTÁ NA LISTA ANTERIOR
CASADO RODRÍGUEZ, MÓNICA	32809210D	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
CASTRO MAROÑO, JORGE	44820391S	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
CEDEIRA DAMIL, AMPARO	32764180J	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
COMBA OTERO, MERCEDES	33336775T	FRANCÉS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
COTROFE MÉNDEZ, Mª TERESA	32418654A	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
DE UÑA PLA, FRANCISCO JAVIER	32384499Q	-NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS -MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
DÍAS MONTÁNS, ANA JESÚS	35318553Y	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
EXPÓSITO LEAL, MANUEL	32672686J	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	NON POSÚE TITULACIÓN IDÓNEA
FERNÁNDEZ CONDE, LUIS	15334771G	TÉCNICAS CERÁMICAS	TÍTULO NON IDÓNEO
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ELISEO	33826806Q	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
FERNÁNDEZ GARCÍA, Mª CONSOLACIÓN	71609520D	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
FERNÁNDEZ LÓPEZ, Mª DEL MAR	33328369N	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
FERNÁNDEZ LORENZO, MARCOS	77003479P	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FÓRA DE PRAZO
FERNÁNDEZ ROMERO, ÁNGEL	32680976T	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	TÍTULO NON IDÓNEO
FERRERO FERNÁNDEZ, ANDREA	33341313F	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
FERRER LOJO, FRANCISCO JAVIER	44813549C	-NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS -MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
FREIRÍA RODRÍGUEZ, ANA Mª	44481263E	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
GARCÍA FERNÁNDEZ, MARÍA LUZ	76578466N	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
GARCÍA SUÁREZ, NOELIA	32875289D	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
GIL MULEIRO, ELIGIA	34727384Y	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	-FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO. -FALTA XUSTIFICANTE DO TÍTULO
GUERBEK, EKATERINA	X1791386P	RUSO	-NON POSÚE CERTIFICADO DE APTITUDE DE RUSO EXPEDIDO POLAS E.O.I -NON POSÚE NACIONALIDADE ESPAÑOLA
HERRERO POZA, PABLO	24394774P	FRANCÉS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO

APELIDOS E NOME	DNI	DISCIPLINA	CAUSA EXCLUSIÓN
HERVELLA GARCÍA, GUSTAVO	76719161Q	XEOGRAFÍA, HISTORIA E ARTE	NON SE CONVOCA ESA ESPECIALIDADE
JULIAN, SOPHIE	030838201345	FRANCÉS	NON ALEGA DOCUMENTOS
LAGO ACUÑA, M. SILVANA	76998928B	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	TÍTULO NON IDÓNEO
LAMPÓN GONZÁLEZ, MARÍA JESÚS	52458463V	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
LASA ÁLVAREZ, MARÍA BEGOÑA	15971734M	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
LOMBAO FERRO, JOSEFA	33831905P	TÉCNICAS CERÁMICAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
LONGHI ÁLVAREZ, JOSÉ MARÍA	45053198Q	-NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS -MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
LÓPEZ ÁLVAREZ, MATILDE	33855295P	XEOGRAFÍA E HISTORIA	NON SE CONVOCA ESA ESPECIALIDADE
LOSADA VÁZQUEZ, Mª DEL CARMEN	33306613Z	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
LOURIDO NOVAS, ANA MARÍA	36141357P	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
LUCENA DELGADO, CARLOS JOAQUÍN	30820495N	FRANCÉS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
MANEIRO GESTOSO, FRANCISCO JAVIER	36032992L	-NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS. -MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, MARÍA JESÚS	35568743W	XEOGRAFÍA E HISTORIA	NON SE CONVOCA ESA ESPECIALIDADE
MARTÍNEZ FUENTES, SUSANA	36170577H	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
MARTÍNEZ REGUEIRO, Mª LUZ	33303296D	FRANCÉS	FÓRA DE PRAZO
MARTÍNEZ, THOMAS ARMEL DENIS	X5296359B	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
MARTÍNEZ-BOTAS SÁNCHEZ, Mª ISABEL	52435199Y	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
MÉNDEZ OTERO, JOSÉ LUIS	32676079W	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
MILLÁN TORRADO, ANTONIO	35465218T	TÉCNICAS CERÁMICAS	FÓRA DE PRAZO
MONTEAGUDO CABALEIRO, MARÍA TERESA	36091491Y	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
MORÁN FRAGA, PABLO	33227094Y	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	NON SE CONVOCA ESA ESPECIALIDADE
NIEVES DOMÍNGUEZ, MAITE	78739372E	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
NÚÑEZ FERNÁNDEZ, ELVA	32829048K	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
OLVEIRA RAMA, Mª LUISA	52454271B	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
OTERO TRILLO, LAURENTINO MANUEL	76343763R	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
PADÍN VIDAL, OXANA	X4786088H	RUSO	TÍTULO NON HOMOLOGADO
PEDROSA TORVISO, MANUEL ÁNGEL	45427495B	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FÓRA DE PRAZO
PERNAS LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO	33842847A	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
RIOS MONTERO, ANTONIA	76412886D	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	TÍTULO NON IDÓNEO
ROBLA LÓPEZ, LUCÍA	71419643C	MÁQUINAS, SERVICIOS E PRODUCCIÓN	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
RODRÍGUEZ LOSADA, LUCÍA	36154331X	NAVEGACIÓN E INSTALACIONES MARIÑAS	TÍTULO NON IDÓNEO
ROMERO CES, ROCÍO	78793657G	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
SANTOS FILGUEIRA, Mª DO PILAR	44079803G	TÉCNICAS CERÁMICAS	FÓRA DE PRAZO
SUÁREZ PÉREZ, GEMA	34978956G	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
TATO ÁLVAREZ, ANA MARÍA	32810271N	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
TEIJEIRO SUÁREZ, EVA Mª	33334750E	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
TORRES PATEIRO, PEDRO	34980838T	FRANCÉS	FALTA XUSTIFICANTE DE GALEGO
VARELA LIÑARES, MARÍA JOSÉ	33293720R	FRANCÉS	TÍTULO NON HOMOLOGADO
VÁZQUEZ PADÍN, Mª DÉBORA	35559589W	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO
VEGA VÁZQUEZ, ÁNGELES	34998572R	FRANCÉS	TÍTULO NON IDÓNEO

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Resolución do 16 de outubro de 2006 pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión de Goberno do Consello de Contas de Galicia do 11 de outubro de 2006, que aprobou anunciar a convocatoria pública, polo sistema de libre designación, de tres postos vacantes na citada institución.

En virtude das competencias que me corresponden conforme o artigo 9 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia,

RESOLVO:

Facer público o acordo da Comisión de Goberno do 11 de outubro de 2006 polo que se aproba anunciar a convocatoria pública, polo sistema de libre designación, de tres postos vacantes no Consello de Contas de Galicia, e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2006.

Luciano Fariña Busto

Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia

Acordo da Comisión de Goberno do Consello de Contas de Galicia polo que se aproba anunciar a convocatoria pública, polo sistema de libre designación, de tres postos vacantes no Consello de Contas de Galicia.

De acordo co artigo 3 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, esta Comisión de Goberno

ACORDA:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os tres postos de traballo que se indican no anexo I deste acordo.

Segundo.-Poderán concorrer a el os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral do Consello de Contas de Galicia (rúa Domingo Fontán, nº 7. Santiago de Compostela), directamente, ou polas formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán xuntarlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado/a para ocupar o posto de traballo citado no anexo I deste acordo un/ha funcionario/a con destino noutra Administración pública, requirirase o informe favorable do departamento en que presta servizos, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días, tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado, se é o caso, o seu traslado a este Consello de Contas, procederase á súa toma de posesión no posto para o cal foi seleccionado/a.

Sexto.-Esta convocatoria será resolta pola Comisión de Goberno do Consello de Contas de Galicia.

Sétimo.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderanse declarar desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Oitavo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior está en Santiago de Compostela, e dun mes se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

Noveno.-Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido nos artigos 10.1º.ap.c e 46.1º da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; ou ben recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo establecen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

ANEXO I

-Nº vacantes: 1.

Número do posto de traballo: 008.

Localidade: Santiago de Compostela.

Institución: Consello de Contas de Galicia.

Posto de traballo: auditor.

Grupo: A.

Nivel c. destino: 30.

Específico: 19.853,28 €.

Adscrición adm. pub.: A12 (C.A. Galicia, outras CC.AA., Estado e corporacións locais).

Formación específica: experiencia en auditoría de contas.

-Nº vacantes: 2.

Números dos postos de traballo: 065 e 068.

Localidade: Santiago de Compostela.

Institución: Consello de Contas de Galicia.

Posto de traballo: auxiliar-administrativo.

Grupo: C-D.

Nivel c. destino: 16.

Específico: 3.855,84 €.

Adscrición adm. pub.: A12 (C.A. Galicia, outras CC.AA., Estado e corporacións locais).